



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

JOSÉ RIESGO BOLUDA, SECRETARIO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO

CERTIFICO: Que o Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 12/05/2020 acordou:

2. APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO ORGANISMO AUTÓNOMO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO, EXERCICIO 2019. EXPTE. 12464/407.

Antecedentes:

O 07/05/2020 a vicepresidenta e o xerente de Urbanismo informan:

“Unha vez formada a Conta Xeral deste Organismo Autónomo, correspondente ó exercicio 2019, a efectos de dar cumprimento ó previsto no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, propónse ó Consello da Xerencia (competente de acordo co previsto no artigo 11.1.h) dos vixentes Estatutos), a adopción do seguinte...”

Votación:

EN CONTRA: Ningún voto.

ABSTENCIÓNS: 2 votos: 1 de Grupo Mixto: Sr. Pérez Correa, 1 do concelleiro non adscrito Sr. Pérez Iglesias.

A FAVOR: 8 votos: 1 do PP: Sr. Marnotes González e 7 do PSOE: Sres. Abelairas Rodríguez, Espinosa Mangana, Mejías Sacaluga, Caride Estévez, Aneiros Pereira, Fernández Pérez e López Font.

Acordo:

O Consello, considerando a ponderación do cómputo de votos sinalado na sesión constitutiva de data 11 de xullo de 2019, adopta o seguinte acordo:

Propoñer ao Pleno da Corporación a aprobación, previo informe da Comisión Especial de Contas, da Conta Xeral do Organismo Autónomo “Xerencia Municipal de Urbanismo”, correspondente ó exercicio 2019, integrada -conforme coas determinacións da Orden HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local- polos seguintes documentos:

- a) BALANCE.
- b) CONTA RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL.
- c) ESTADO DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO.
- d) ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO.
- e) ESTADO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO.
- f) MEMORIA.





CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

Unha vez tomada en consideración, remitir a mesma para a súa tramitación xuntamente coa da entidade para a súa aprobación polo Pleno da Corporación.

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente de orde e co visto e prace da sra. vicepresidenta da Xerencia de Urbanismo, coa salvedade indicada no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (RD.2568/1986), en Vigo no día da sinatura dixital.

tr/

Vº e Pº.

A vicepresidenta da XMU
María José Caride Estévez



Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo
EXPEDIENTE 12464_407

Data impresión: 16/06/2020 10:20

Páxina 2 de 2

CSV: 2AE8EE-CABC3F-B4C4B6-9S6CB9-A6WQT9-H7

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>